

ACTA DA COMISIÓN DE BOLOÑA (20/4/07)

1. Dacordo co decidido na última asemblea, a comisión está a traballar na organización dunha mesa redonda sobre o Plano Boloña para o día 9 de maio. Informóusenos de que poderíamos contar coa presenza do profesor Miguel Bastos, vicedecano da facultade ecarregado da posta en práctica do Plano en Ciencias Políticas. Por outra banda, habida conta da negativa incidencia que pode ter este plano na Galiza, que se prevé conleve a supresión da Filoloxía Galega, tentaremos que estexa entre xs poñentes unha profesora desa facultade, que nun principio sería Teresa Moure. Tamén participará na mesa redonda unha compañeira da Asemblea. Por último, considérase a posibilidade de que algunha profesora a favor do Plano participe na mesa. Tratarase de confirmar xs poñentes o antes posíbel ao longo da semana do 23 de abril.

2. Temos previsto facer unha performance o día 15 de maio, vestidxs de empesarixs vendendo títulos e graos e ofertando postos de precariixs como se fora a praza. Todo isto acompañado de faixas con lemas do tipo: benvido a Boloña escolle a túa ETT, co subemprego xeral a túa carreira dá igual... Esta actividade realizarase en diversos lugares da cidade, tentando buscar a maior visualización e centrándonos sobre todo na achega ao conxunto do estudantado, polo que se escenificará preferentemente nos sitios máis transitados dambos campus.

3. O día seguinte á performance está pensada a convocatoria dun paro de 10 minutos -entre clases- e concentración na porta da facultade en protesta contra o plano Boloña. Neste acto leremos un manifesto no que se recollen os principais puntos polos cuais a Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas declárase en contra do Plano.

Manifesto:

Desde a Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas opómonos ao plano Boloña polos seguintes aspectos que vai conlevar a súa implantación:

1. **Entrada de financiamento privado na universidade.** Isto supón que a universidade perda grande parte do seu carácter universal e público, que o capital e intereses privados condicionen o dereito ao ensino através da súa entrada nas institucións académicas ou da súa alianza coas mesmas, como xa está a suceder con bancos, fundacións, empresas... Alén diso, estas organizacións privadas pasan copar importantes cotas de poder político e administrativo, suplantando o peso que deberan ter xs estudantes nesta orde de decisións, das que xa están a día de hoxe ben relegadxs.

2. Queremos unha **universidade pública e libre de taxas de matrícula.** As taxas de matrícula limitan o acceso dunha grande parte da poboación aos estudos universitarios, polo que avogamos por unha universidade pública, na que os condicionantes económicos non supoñan unha limitación de entrada nos estudos académicos.

3. **Non aceptamos as limitacións para acceder aos estudos por factores económicos.** A competitividade entre universidades, requerida pola maior autonomía universitaria implementada polo plano Boloña, terá como consecuencia a configuración de facultades de primeira e facultades de segunda, o que tamén xerará licenciadxs de primeira e licenciados de segunda, incrementando a precariedade laboral.

4. **Non aceptamos a eliminación de carreiras e de certas ramas.** A supresión de carreiras limita á(x)s estudantes a posibilidade de acceder ás titulacións que desexen cursar, alén de que vai supor unha discriminación do alumnado ao menos en dous sentidos. Por un lado, Filoloxías de linguas minorizadas, como a galega, van desaparecer -a este respecto, non se pode entender a convivencia dunha universidade pública cuxa lingua oficial está a ser o galego-. Por outra parte, establécese de feito unha diferenciación entre estudantes do plano antigo, cunha amplitude de coñecimentos maior, e o que van ser técnicos licenciados na súa carreira, que van precisar dunha prolongación de estudos através de másters e posgraos para lograr unha especialización que antes se conseguía coa simple licenciatura. Isto vai supor un desembolso de diñeiro tan só ao alcance duns poucos, que racha con calquer condición de igualdade de acceso á universidade. En paralelo producírase unha homologación de diplomaturas e licenciaturas, do 1º e do 2º ciclo. As carreiras pasarán cumprir un papel de FP superior cualificada.

Debido a ampliación de másters e posgraos resultante da simplificación curricular das licenciaturas, o estudo de certas ramas das carreiras universitarias vai ser suprimido. Xs profesores que queiran ampliar a oferta académica terán que recorrer ao desenvolvemento de posgraos e másters, obrigados a unhas condicións mercantís inaccesíbeis para a maioría dxs estudantes, e que será onde se ensinen os coñecimentos de fondo.

5. Esiximos un **ensino público, galego e de calidade**.